



INFORME DE AVALIACIÓN DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2021

Unidade Xestora	Intervención	Órgano competente	Alcaldía
ASUNTO	INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, DA REGRA DE GASTO, DO NIVEL DE DÉBEDA DA LIQUIDACIÓN DE 2021 DO CONCELLO E O IMD.		

En cumprimento do establecido no artigo 16 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Estabilidade Orzamentaria na súa aplicación ás Entidades Locais, así como do disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, infórmase o seguinte en relación co cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria, o cumprimento da Regra de Gasto e o límite de débeda da liquidación do exercicio 2020:

INFORME

1. NORMATIVA:

- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF).
- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades Locais (Regulamento).
- Orde Ministerial HAP/2015/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na LOEPSF (OM)
- Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, (TRLRHL) que aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación ó principio de Estabilidade Orzamentaria (artigos 54.7 e 146.1).
- Manual de cálculo do Déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Corporacións Locais, publicado pola Intervención Xeral da Administración do Estado, Ministerio de Economía e Facenda.
- Manual de cálculo do déficit en contabilidade nacional adaptado ás corporacións locais, publicado pola Intervención Xeral do Estado.
- Regulamento núm. 549/2013, do Parlamento Europeo e do Concello, de 21 de maio (DOCE 26/06/13), que aproba o SEC 2010.
- Guía para a determinación da regra de gasto do art 12 da LOEPSF para corporacións locais, 3ª edición IGAE.
- Manual do SEC95 sobre o Déficit Público e da Débeda Pública, publicado polo EUROSTAT.

2. OBXECTIVO DE ESTABILIDADE:

A Lei orgánica 2/2012 de 27 de abril de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira establece no seu artigo 1 o seguinte:

“Constituye el objeto de la presente Ley el establecimiento de los principios rectores, que vinculan a todos los poderes públicos, a los que deberá adecuarse la política presupuestaria del sector público orientada a la estabilidad presupuestaria y la sostenibilidad financiera, como garantía del crecimiento económico sostenido y la creación de empleo, en desarrollo del artículo 135 de la Constitución Española.

Asimismo, se establecen los procedimientos necesarios para la aplicación efectiva de los principios de estabilidad presupuestaria y de sostenibilidad financiera, en los que se garantiza la participación de los órganos de coordinación institucional entre las Administraciones Públicas en materia de política fiscal y financiera; el establecimiento de los límites de déficit y deuda, los supuestos excepcionales en que pueden superarse y los mecanismos de corrección de las desviaciones; y los instrumentos para hacer efectiva la responsabilidad de cada Administración Pública en caso de incumplimiento, en desarrollo del artículo 135 de la Constitución Española y en el marco de la normativa europea.”

A estabilidade orzamentaria implica que de maneira constante, ó longo do ciclo, os recursos correntes e de capital non financeiros deben ser suficientes para facer fronte aos gastos correntes e de capital non financeiros. A capacidade inversora municipal virá determinada polos recursos de capital non financeiros, e os recursos correntes non empregados nos gastos correntes (aforro bruto).



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20220579015
MANUEL VAZQUEZ FERNANDEZ-Interventor - 23/02/2022 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 23/02/2022 14:57:00		Fecha: 23/02/2022 Hora: 14:56





Simplificando, o volume de débeda non pode aumentar, coma máximo debe permanecer constante. É dicir, que nos orzamentos municipais o endebedamento anual neto (endebedamento – amortizacións) debe ser cero. De xeito máis rigoroso, que as variacións de pasivos e activos financeiros debe estar equilibrada.

O cálculo da capacidade/necesidade de financiamento nos entes sometidos á elaboración de orzamento obtense pola diferenza entre os importes presupostados nos Capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e os Capítulos 1 a 7 do estado de gastos, previa aplicación dos axustes relativos á valoración, imputación temporal, exclusión ou inclusión dos ingresos e gastos non financeiros.

Para os entes non sometidos a réxime orzamentario considérase desequilibrio cando, de acordo cos criterios do plan de contabilidade que lles resulte aplicable, dos seus estados provisionais se deduza que incorren en perdas cuxo saneamento requira a dotación de recursos non previstos no escenario de estabilidade da entidade das do apartado anterior á que lle toque apartalos, e deberán ser obxecto dun informe individualizado.

ENTIDADES QUE COMPOÑEN O ORZAMENTO XERAL E DELIMITACIÓN SECTORIAL DE ACORDO CO SISTEMA EUROPEO DE CONTAS NACIONAIS E REXIONAIS.

- A. Axentes que constitúen a Administración Local:
- Entidade Local: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS
 - Organismos Autónomos: INSTITUTO MUNICIPAL DE DROGODEPENDENCIAS
 - Entes públicos dependentes que presten servizos ou produzan bens que non se financian maioritariamente con ingresos comerciais: Non existen
- B. Resto de unidades, sociedades e entes dependentes das Entidades Locais, entendendo o concepto ingreso comercial nos termos do sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC 95).
- Sociedade Mercantil: Non existen.

MÉTODO A UTILIZAR PARA O CÁLCULO DA CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIAMENTO E AXUSTES A PRACTICAR.

SALDO ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO =

A).- (Cap. 1 a 7 de ingresos)- (Cap. 1 a 7 de gastos) = + (capacidade de financiamento) / - (necesidade de financiamento).

B).- Saldo orzamentario non financeiro +/-axustes SEC 95 = + (capacidade de financiamento) / - necesidade de financiamento.

AXUSTES SEGUNDO MANUAL IGAE PARA 2014:

A) INGRESOS:

Axustes a realizar :

Capítulos 1, 2 e 3 do Estado de Ingresos.

AXUSTE.- Aplicarase o criterio de caixa, (ingresos recadados durante o exercicio, de exercicios corrente e pechados de cada capítulo), sobre o total de dereitos recoñecidos, de maneira que si o importe dos dereitos recoñecidos do corrente é inferior ó importe dos cobros de correntes e pechados, producirase un axuste positivo, diminuíndo o déficit da Corporación Local, e viceversa:

CAP	RECADACIÓN				
	DRN	CORRTE	PECHADOS	TOTAL RECAD	AXUSTE
1	5.932.480,99	4.428.687,21	437.937,97	4.866.625,18	-1.065.855,81
2	163.889,06	103.972,93	23.910,29	127.883,22	-36.005,84
3	2.246.287,04	1.681.888,84	431.033,05	2.112.921,89	-133.365,15





Resulta un axuste negativo, menor capacidade de financiación por importe de -1.235.226,80 €.

No organismo autónomo de Drogodependencias non existen, non procedendo realizar axuste polos capítulos 1,2,3 xa que se financia na súa totalidade a través de transferencias do capítulo 4..

Capítulo 4.

AXUSTE.- Ingresos por participación en ingresos do Estado ou tributos cedidos, segundo o réxime da Entidade.

Segundo o formulario que aparece na Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais, da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local, polo que se materializan as obrigas de subministración de información, constitúeo o importe que debe reintegrarse durante 2021 ó Estado en concepto de devolución das liquidacións negativas correspondente aos exercicios 2008 e 2009 polo concepto de Participación nos Tributos do Estado, que opera sumándoo ás previsións de ingreso por este concepto en 2021. Axuste que deberá realizarse no caso de orzamentar pola previsión de dereitos recoñecidos netos no exercicio, considerando que o Estado realiza un axuste negativo.

Polo tanto tende en conta que no orzamento de ingresos se tivo en conta a cantidade neta a percibir, descontando as devolucións da PIE realizadas no exercicio, procede realizar os seguintes axustes con carácter positivo:

4) Axuste por liquidación PIE-2008	11.634,24
5) Axuste por liquidación PIE-2009	12.606,96
TOTAL	24.241,20

Axuste por devolucións de ingresos pendentes de aplicar a orzamento.

AXUSTE.- Dacordo coa vixente instrución de contabilidade, as operacións de devolucións de ingresos aprobadas non se reflexan no orzamento en tanto que non se fan efectivas, polo que procede axustar os dereitos recoñecidos polo importe dos acredores por devolución de ingresos:

DEVOLUCION DE INGRESOS		
SDO INICIAL CONTA 418	SDO FINAL CONTA 418	AXUSTE
46.134,85	75.984,56	29.849,71

B) GASTOS

AXUSTE.- Gastos realizados no exercicio e pendentes de aplicar ó orzamento de gastos.

Trátase dos gastos incluídos na conta 413, sendo o axuste a realizar o seguinte, polo importe da variación do seu saldo.

- Obrigas Recoñecidas de gastos procedentes de exercicios anteriores tramitados a través dun Expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos (non se consideran gastos en contabilidade nacional)
- Acredores por Operacións pendentes de Aplicación Orzamentaria: correspóndense con gastos realizados no exercicio corrente ou nos pechados que non se imputaron orzamentariamente pero que se se consideran gasto en contabilidade nacional e supoñen un axuste á alza do orzamento de gastos

SDO INICIAL	ABONOS NA 413	CARGOS NA 413	SALDO FINAL	AXUSTE MAIOR ESTABILIDADE
3.134,46	33.030,80	35.367,03	798,23	-2.336,23

- Por outra banda existen pagos pendentes de aplicar e recollidos na conta 555 que ao non figurar con reflexo na conta 413 non se teñen en conta á hora de proceder a realizar os correspondentes axustes.





C) OUTROS AXUSTES:

Non se aplican outros axustes.

RESUMO DOS AXUSTES:

Identif.	Concepto: Estimación dos axustes a aplicar ós importes de ingresos e gastos do orzamento	Importe Axuste
GR000	Axuste por recadación ingresos Capitulo 1	-1.065.855,81
GR000b	Axuste por recadación ingresos Capitulo 2	-36.005,84
GR000c	Axuste por recadación ingresos Capitulo 3	-133.365,15
GR001	(+) Axuste por liquidación PIE - 2008	11.634,24
GR002	(+) Axuste por liquidación PIE - 2009	12.606,96
GR014	Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar a orzamento	2.336,23
GR099	Devolucións de ingresos	-29.849,71
Total de axustes a aplicar.....		-1.238.499,08

CONSOLIDACIÓN ORZAMENTOS ESTABILIDADE:

CONCEPTOS	CONCELLO	IMD	TOTAL	AXUSTE POR TRANSFERENCIAS INTERNAS	CONSOLIDADO
b) DRN capítulos I a VII orzamento corrente	16.423.304,39	270.101,08	16.693.405,47	270.101,08	16.423.304,39
b) ORN capítulos I a VII orzamento corrente	16.541.099,58	262.716,15	16.803.815,73	262.716,15	16.541.099,58
TOTAL (a – b)	-117.795,19	7.384,93	-110.410,26	7.384,93	-117.795,19
AXUSTES					
1) Axustes recadación capítulo 1,2,3	-1.235.226,80		-1.235.226,80		-1.235.226,80
4) Axuste por liquidación PIE-2008	11.634,24		11.634,24		11.634,24
5) Axuste por liquidación PIE-2009	12.606,96		12.606,96		12.606,96
6) Axuste por devolución de ingresos	-29.849,71		-29.849,71		-29.849,71
8) Axuste por gastos pendentes de aplicar a orzamento	2.336,23	129,25	2.465,48	129,25	2.336,23
c) TOTAL INGRESOS AXUSTADOS (a +/- 1, 2, 3, 4, 5)	15.182.469,08	270.101,08	15.452.570,16	270.101,08	15.182.469,08
d) TOTAL GASTOS AXUSTADOS (b +/- 6,7,8)	16.538.763,35	262.586,90	16.801.350,25	262.586,90	16.538.763,35
e) TOTAL CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIACIÓN (c - d)	-1.356.294,27	7.514,18	-1.348.780,09	7.514,18	-1.356.294,27
En porcentaxe sobre os ingresos non financeiros axustados (e/c)	-8,93	2,78	-8,73	2,78	-8,20

Polo tanto, na liquidación do orzamento de 2021, o Concello de Monforte en termos consolidados co seu organismo autónomo (IMD) mostra un déficit de 1.356.294,27 €.

Déixase constancia da existencia dun saldo de ingresos pendentes de aplicar de 2.051.954,72 €, dos cales 525.711,64€ se corresponden con ingresos anticipados de subvencións realizados nos últimos días do exercicio e cuxos proxectos non se van iniciar ata o exercicio seguinte, e o saldo de exercicios anteriores que se mantén estable é de 652.638,70 €, polo que a cifra de déficit se podería reducir ata os 482.689,89 €

Por outra parte, tamén se debe ter en conta o importe de gastos financiados con remanente de tesourería, que ascenden a 2.180.232,44 €, e a existencia de un saldo de pagos pendentes de aplicar (derivados principalmente da intervención da piscina municipal, obrantes xa dende o exercicio 2020) de importe 276.723,88 €.

3. CUMPRIMENTO DA REGRA DE GASTO

O artigo 12 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria esixe tamén ás Entidades Locais que a variación de gasto non supere a taxa de referencia de crecemento do PIB, correspondendo ó Ministerio a súa determinación.





Para as Corporacións locais cúmprese a Regra do Gasto, se a variación, en termos SEC, do gasto computable de cada Corporación Local, entre dous exercicios económicos, non supera a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto (TRCPIB) de medio prazo da economía española, modificado, no seu caso, no importe dos incrementos permanentes e diminucións de recadación derivados de cambios normativos.

Na obtención do Gasto computable da entidade nun exercicio, teranse en conta o seguinte:

(+) Empregos (gastos) non financeiros, suma dos capítulos 1 a 7 de gastos, pártese das obrigas recoñecidas en 2020.

(-) Xuros da débeda del capítulo 3, exclúense os subconceitos 301, 311,321,331 y 357.

(+/-) Axustes cálculo Empregos non financeiros segundo o SEC

Para a determinación dos axustes e o seu importe, partírase da Guía para a determinación da Regra do Gasto do artigo 12 da Lei 2/2012 Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira para Corporacións Locais. Esta Guía, do mesmo xeito que a emitida para o cálculo do déficit en termos de estabilidade orzamentaria, utiliza un concepto de empregos non financeiros que difire do utilizado polo Manual do SEC 95, onde non considera como empregos os investimentos dos capítulos 6 e 7.

(-) Pagos por transferencias (e outras operacións internas) a outras Entidades que integran a Corporación Local.

(-) A parte de gasto non financeiro do Orzamento financiado con fondos finalistas procedentes de: Unión Europea, Estado, Comunidade Autónoma, Deputacións e Outras Administracións Públicas. Exclúese no cálculo o importe dos capítulos 4 e 7 de ingresos deducidos os conceptos 420, 450, 470, 480, 720, 770, 780, para determinar os gastos financiados por administracións públicas

(-) Transferencias por fondos dos sistemas de financiación. Non se producen neste caso.

Sobre o importe obtido aplícase a taxa de referencia de crecemento do PIB fixada polo Ministerio de Economía para o ano 2021 é **do 3 %** (BOE do 5/02/2020)

Ó resultado engádeselle co signo que corresponda os aumentos/reducións permanentes de recadación derivados de modificacións normativas.

De acordo co anterior, calcúlase a Regra de gasto, referida á liquidación do orzamento de 2021:

CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS APLICACIÓN DA REGLA DE GASTO E O LÍMITE DE GASTO NON FINANCIERO	LIQUIDACIÓN 2020		LIQUIDACIÓN 2021	
	PARCIALES	TOTALES	PARCIALES	TOTALES
1. Gastos de personal	4.922.529,40		4.528.912,36	
2. Compras corrientes de bienes y servicios	6.161.853,45		6.973.031,84	
3. Gastos financieros	2.320,98		7.561,55	
4. Transferencias corrientes	1.796.813,68		1.136.251,61	
6. Inversiones reales	1.805.668,33		3.720.353,12	
7. Transferencias de capital	295.141,54		174.989,10	
SUBTOTAL:	14.984.327,38		16.541.099,58	
I- GASTO NO FINANCIERO PRESUPUESTO		14.984.327,38		16.541.099,58
MENOS:				
Intereses de la deuda	2.320,98		7.561,55	
Gastos financiados con subvenciones finalistas (ingresos finalistas cap 4 y 7) (*)	2.432.975,35		2.602.406,12	
Consolidación de transferencias	280.000,00		262.716,15	





SUBTOTAL:	2.715.296,33		2.872.683,82	
II- GASTO COMPUTABLE (art. 12.2 LOEPSF):		12.269.031,05		13.668.415,76
Ajustes SEC95 que inciden en gastos*	13.533,73		2.336,23	
Otros ajustes de gastos	-47.683,27			
SUBTOTAL:	-34.149,54		2.336,23	
III- GASTO COMPUTABLE AJUSTADO:		12.234.881,51		13.670.751,9
Tasa de referencia del crecimiento del PIB (art.12.3 LOEPSF): 3 %				
IV- LÍMITE DE GASTO COMPUTABLE :		12.601.927,96		13.670.751,99

Visto o anterior, resulta que a liquidación do orzamento de 2021 do Concello de Monforte incumple o límite da regra de gasto por un importe de 1.068.824,03 € (12.601.927,96– 13.670.751,99), este incumprimento vén derivado principalmente da utilización do remanente para a financiación de gastos, que ascendeu no exercicio a 2.180.232,44 €.

DROGODEPENDENCIAS:

INSTITUTO MUNICIPAL DE DROGODEPENDENCIAS	LIQUIDACIÓN 2020		LIQUIDACIÓN 2021	
	PARCIAIS	TOTAIS	PARCIAIS	TOTAIS
APLICACIÓN DA REGLA DE GASTO E O LÍMITE DE GASTO NON FINANCEIRO				
1. Gastos de personal	252.146,01		239.233,77	
2. Compras corrientes de bienes y servicios	21.977,60		21.046,40	
3. Gastos financieros				
4. Transferencias corrientes				
6. Inversiones reales			2.435,98	
7. Transferencias de capital				
SUBTOTAL:	274.123,61		262.716,15	
I- GASTO NO FINANCIERO PRESUPUESTO:		274.123,61		262.716,15
II- GASTO COMPUTABLE (art. 12.2 LOEPSF):		274.123,61		262.716,15
Ajustes SEC95 que inciden en gastos*	129,25		-129,25	
SUBTOTAL:	129,25		-129,25	
III- GASTO COMPUTABLE AJUSTADO:		274.252,86		262.586,90
Tasa de referencia del crecimiento del PIB (art.12.3 LOEPSF): 3%				
IV- LÍMITE DE GASTO COMPUTABLE:		282.480,45		262.586,90

Visto o anterior, resulta que a liquidación do orzamento de 2021 do IMD do Concello de Monforte cumpre o límite da regra de gasto xa que non se supera o límite de gasto computable

4. OUTROS INDICADORES:

NIVEL DE DÉBEDA VIVA:

Durante o exercicio 2021 procedeuse á amortización total da débeda con entidades financeiras, e durante o exercicio 2021 non se concertou ningunha operación de endebedamento, polo que a 31/12/2021 o nivel de débeda é 0,00 €.

AFORRO NETO:





A	Dereitos recoñecidos netos 2021 (C.I, II, III,IV,V)	15.357.682,66
B	Obrigas recoñecidas netas 2021 (C I, II,IV)	12.638.195,81
C=A-B	AFORRO BRUTO	2.719.486,85
1	Anualidade Teórica Amortización (1)	0,00
2	Obrigas financiadas con RTGG**	2.180.232,44
D=C-1-2	AFORRO NETO	539.254,41
D/A*100	% AFORRO NETO	3,51%

Obrigas financiadas con remanente de tesourería para gastos xerais (87000):

FECHA	NUM. OPERACIÓN	TEXTO:	DEFINITIVO	EXECUTADO
12/03/2021	2021 11000344	I.R. 17/21 INCORPORACION DE REMANENTES DE CREDITO	4.819.218,36	1.250.374,50
25/01/2021	2021 11000038	I.R. 5/21 APORTACIÓN Á SUBV AGADER PARA A PRAZA DE ABASTOS REMANENTES 2020	23.030,23	23.030,23
29/04/2021	2021 11000989	M.C. 18/21 REMANENTES DO EXERCICIO 2020	604.553,81	322.450,98
29/04/2021	2021 11000990	M.C. 18/21 REMANENTES DO EXERCICIO 2020	2.000.000,00	584.376,73
			7.446.802,40	2.180.232,44

CONCLUSIÓNS:

A liquidación consolidada do exercicio 2021 incumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, entendida como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiación dacordo coa definición contida no SEC 2010, cumpre co límite de endebedamento, e incumpre o límite da regra de gasto do orzamento da propia entidade e do seu organismo autónomo, coas observacións feitas neste informe.

Para o exercicio 2021 mantívose a suspensión das regras fiscais iniciada no 2020, polo que este informe se emite a título informativo a efectos de manter un control sobre a execución dos orzamentos.

Monforte de Lemos, na data da sinatura dixital.

O Interventor, Manuel Vázquez Fernández

